

BASES DO CONCURSO 2 IPADS

1. R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. (en adiante **R**) convoca o presente concurso, no ámbito territorial de Galicia, a favor dos clientes de **R** da división de residencial que teñan contratada a factura electrónica antes do día 20 de decembre de 2011 e que cumpran os seguintes requisitos:

- accedesen a <http://www.sorteofactura.mundo-R.com> e acepten participar no concurso dende as 00:01 horas do día 30 de novembro ata as 23:59 horas do día 19 de decembro
- estean dados de alta na factura electrónica e deixeen os seus datos persoais e/ou comprobren que os que xa constan no seu rexistro son correctos
- se atopen ao corrente de pagamento con **R** no momento de participar e da entrega do premio.

2. Só poderán participar no sorteo aqueles clientes de **R** que cumpran os requisitos sinalados no punto anterior. Non poderán participar os empregados de **R**, nin das súas filiais, nin de empresas participadas por estas, nin colaboradores beneficiados dunha promoción especial ou que colaboren nesta promoción, nin familiares dos anteriores dentro do primeiro grao de parentesco.

3. Só haberá unha participación por cliente.

4. Os concursantes deberán ser maiores de idade.

5. Entre os clientes que cumpran os requisitos das bases procederase ao sorteo ante Notario do premio que consiste en 2 ipads 2 wifi, 3 G, 16 GB, un para cada gañador. O premio está valorado en 507,63 + IVE cada un. O sorteo celebrarase o 22 de decembro de 2011.

6. Designaranse 2 gañadores e 4 suplentes de entre un listado numerado dos clientes de **R** que cumpran os requisitos sinalados nas presentes bases para participar e que será entregado por **R** ao Notario encargado de celebrar o sorteo.

7. O premio non poderá canxearse por artigos de calquera outra clase nin por cartos ou outra compensación.

8. O resultado do sorteo notificarase aos gañadores deste a través da dirección postal, teléfono ou enderezo de correo electrónico facilitado ao contratar o servizo ou participar no concurso. Así mesmo, **R** informará os gañadores sobre as condicións que teñen que seguir para o seu disfrute. En ningún caso se entregará o premio ao gañador, se este tivese algunha débeda con **R**.

9. Unha vez practicada a notificación, se os gañadores do sorteo non comunicasen antes do transcurso de tres días a súa aceptación quedarán excluídos do concurso. En tal caso designarase sucesivamente ao primeiro, segundo, terceiro e cuarto suplente. En caso de que ningún deles comunique a súa aceptación no prazo establecido, quedará o premio deserto a todos os efectos.

10. ara os efectos da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos solicitados serán incluídos nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal cuxa finalidade é a realización de accións de mercadotecnia e publicidade, análise de mercado e mellora da calidade dos servizos de **R**. **R**, con domicilio na rúa Real n.º 85 da Coruña, como responsable do ficheiro, garante o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos facilitados. De igual modo, comprométese, na utilización dos datos incluídos no ficheiro, a respectar a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa finalidade do ficheiro. Sen prexuízo do anterior, mediante a súa

participación na presente promoción e a aceptación do premio, os participantes consenten expresamente a comunicación dos seus datos ao Notario para os efectos da realización do sorteo. Así mesmo, coa aceptación do premio o gañador consente a comunicación daqueles datos que sexan necesarios para o disfrute do premio ás entidades que vaian xestionar e prestar os servizos de transporte e calquera outros. Así mesmo, coa aceptación do premio, o gañador consente a comunicación dos datos pertinentes á Axencia Tributaria autonómica e/ou estatal para os efectos da xestión dos impostos aplicables ao premio.

11. Os gañadores autorizan expresamente a **R** a publicitar o concurso e os seus resultados en medios de comunicación e, en especial, para publicar os nomes dos gañadores e as súas fotografías.

12. **R** comunicará a súa intención de realizar este sorteo ante a administración autonómica e abonará as taxas correspondentes.

13. A participación na presente promoción supón a expresa e plena aceptación das presentes bases, publicadas na web de **R** legal.mundo-R.com e depositadas ante Notario.